



XUNTA DE GALICIA

Conselleiro de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria

galicia

Jesús Vázquez Abad

Alumnas e alumnos do IES Rafael Puga Ramón
Rúa Leopoldo Alas Clarín, 4
15008 A Coruña

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2012

Queridas alumnas e alumnos:

Recibo con ledicia a vosa postal desde a Bretaña francesa e síntome moi orgulloso de que esteades a aproveitar a vosa viaxe de estudos no país veciño.

Estou seguro de que, ademais de mellorar o voso nivel idiomático, estaredes a coñecer de primeira man a cultura e os costumes desa bela rexión francesa, a Bretaña, e descubrindo París, a Cidade da Luz, en plena primavera, axudados polo voso profesorado, que vos guía e vos tutela, nunha mostra máis da súa entrega e dedicación aos estudiantes.

Tedes a fortuna de vivir nunha comunidade bilingüe e, ademais, estudades outros idiomas. Non é preciso, pois, que faga fincapé na importancia de dominar outras linguas, tanto para a vosa formación como para o voso futuro laboral.

Anímovos a continuar polo camiño do estudo e o esforzo, que é o único posible para acadar calquera meta que teñades na vida. A materia prima xa está en vós, xa o dicía Voltaire, "L'éducation développe les facultés, mais ne les crée pas."

Unha forte aperta.

*Unha forte aperta.
Súndor e nos estudos e moi te veo*